



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

**ASUNTO:** AMPLIACIÓN HORARIO FESTAS LARACHA ANO 2024

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/000152

**ANTECEDENTES:**

No DOG nº 219 do 30 de outubro de 2021 publicouse a ORDE do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

O artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia dispón que lles corresponde aos concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo aos criterios, os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17 da citada Lei.

O artigo 5 da Orde de 23 de outubro de 2020 establece o horario xeral de peche dos establecementos abertos ao público e o horario xeral de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Ao abeiro do artigo 9 da ORDE do 23 de outubro de 2020, os concellos teñen a prerrogativa de ampliar os horarios xerais de peche durante a celebración das festas de Nadal.

A clasificación, denominación e numeración dos espectáculos públicos, das actividades recreativas e dos establecementos abertos ao público axústase ao disposto no Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

Tendo en conta a normativa antes mencionada e consonte co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Conceder a ampliación de horario xeral de peche de establecementos abertos ao público do termo municipal da Laracha ata un máximo de 2 horas durante a celebración da festa de Entroido á noite de 09 de febreiro de 2024 e da festa de fin de ano á noite do día 14 de febreiro de 2024.

Os horarios de peche durante dita noite quedarán como se describen a continuación:

III.2.5.1. Restaurantes: 4.00 horas.

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes: 5.30 horas.

III.2.5.2. Cafetarías: 4.30 horas.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

III.2.5.3. Bares: 4.30 horas.

III.2.7.2. Discotecas: 8.00 horas.

III.2.7.3. Pubs: 6.00 horas.

III.2.7.4. Cafés-espectáculo: 6.30 horas.

Á hora de peche establecida acenderanse as luces xerais do establecemento e as portas de entrada e saída quedarán expeditas e abertas para que se poida producir o completo e ordenado desaloxo que se realizará no tempo previsto no artigo 6 da ORDE do 23 de outubro de 2020.

SEGUNDO.- Publicar o anuncio da ampliación de horario de peche páxina web do concello da Laracha e no taboleiro de anuncios.

TERCEIRO.- Dar trasladado do contido desta resolución ao Posto da Garda Civil da Laracha para o seu coñecemento.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretaria, Marta Vázquez Garea, dou fe.

